



CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 21 de outubro de 2020 o expediente de modificación de créditos número 13/2020, dentro do vixente presuposto municipal, por importe de 41.260 euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde - Presidente deste Concello.

Baralla, 22 de outubro de 2020.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 2611

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 22/10/2020, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de setembro do 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 11/12/2020. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non

ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 26 de outubro de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2612

CASTROVERDE

Anuncio

Aprobada inicialmente por acordo do Pleno de data 28 de outubro de 2020, a ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola recollida, transporte e valorización de plásticos agrícolas, expónse ao público durante o prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, no que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante aquel prazo poderán ser examinadas por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://concellodecastroverde.gal/>

A aprobación inicial elevarase a definitiva, sen máis trámite, de non formularse reclamacións en tempo hábil.

Castroverde, 29 de outubro de 2020.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2642

FRIOL

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO 2020

Por resolución da Alcaldía de 12 de maio do actual, aprobouse a oferta de emprego para 2020, que se publicou no BOP núm 114 de 20 de maio e DOGA núm 108 de 4 de xuño, así como na sede electrónica do Concello.

No referente á praza de persoal laboral de axente de emprego e desenvolvemento local, advertiuse erro material no referido ao nivel de titulación, xa que onde dí: grao ou equivalente. Debe dicir: grado, diplomatura ou equivalente.

Por resolución da Alcaldía de 26 de outubro do actual, procedeuse á súa corrección de conformidade ao disposto no art. 109 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ordeando a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e na Sede electrónica do Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

Friol, 26 de outubro de 2020.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 2613

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de 26 de outubro do actual, prestouse aprobación ás bases da convocatoria en orde á selección de vixilante municipal do Concello, unha vez informadas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo, deberán presentar á súa solicitude no prazo establecido, contado a partir do día seguinte ao da publicación de anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

BASES PARA O PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO DE VIXILANTE MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL. -

1.^ª- **Obxecto.**- as presentes bases teñen por obxecto a regulamentación do proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de persoal funcionario de carreira deste concello, de vixilante municipal, correspondente ao grupo C,

subgrupo C2, escala administrativa especial, mediante o sistema de oposición libre. Está incluída na oferta de emprego público do Concello, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 108 de 4 de xuño do actual e no Boletín Oficial da Provincia núm. 114 de 20 de maio.

Serán funcións a desempeñar as establecidas na vixente lexislación sobre forzas e corpos de seguridade, de coordinación de policía locais de Galicia e demais normativa de aplicación, sen prexuízo das que lle poida encomendar a Alcaldía ou concelleiros/as delegados/as segundo as necesidades dos servizos e en orde á boa marcha dos mesmos.

2.ª- Normativa de aplicación.- as probas selectivas serán as previstas na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (modificada pola lei 9/2016 de 8 de xullo de 2016), no Decreto 243/2008, do 16 de outubro (modificado polo Decreto 77/2010 de 29 de abril e corrección de erros posteriormente publicada), que desenvolve a devandita lei, así como a Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.

3.ª- Requisitos de participación.- as persoas interesadas en participar neste proceso deberán posuír na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata a toma de posesión como funcionario/a de carreira os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española.
- b) Ter cumpridos 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.
- c) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros os homes, e 1,60 metros as mulleres.
- d) Estar en posesión da titulación académica esixible para o acceso como persoal funcionario do subgrupo C2, consonte a normativa de función pública: título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- e) Posuír coñecemento do idioma galego, Celga 3 e equivalente que deberá acreditarse debidamente. Senón se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ao proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados nas presentes bases, no apartado referido ao desenvolvemento do proceso.
- f) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B.
- g) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- h) Non estar incurso/a en causas de incapacidade ou incompatibilidade previtas na lexislación vixente. No momento de toma de posesión, deberá cumprir os requisitos esixidos na Lei 53/84 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Os/as aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que se formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, os/as aspirantes seleccionados comprométense a renunciar á devandita actividade.
- i) Presentación dun certificado médico en que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán reunirse polos/as aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse as mesmas durante todo o proceso selectivo.

4.- SOLICITUDES.- os/as que desexen participar no proceso de selección deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Instancia dirixida ao Sr. Alcalde, na que manifesten que coñece e acepta as presentes bases e reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas, segundo o modelo contido no Anexo das presentes bases.
- b) Copia compulsada do DNI.
- c) Copia autenticada da titulación académica esixida para o posto, ademais do título de Galego.
- d) Copia autenticada dos permisos de conducir.
- e) Certificado médico no que se acredite que reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización física das probas de oposición. No caso de aspirantes con discapacidade, deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións necesarias, para garantir a igualdade de oportunidades co resto dos/as aspirantes.
- e) Todos os requisitos deberán acreditarse na data en que remate o prazo de presentación das solicitudes de participación.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Publicaranse as bases íntegras, ademais no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello <https://friol.sedelectronica.gal/>. A presentación das solicitudes farase no Rexistro do Concello de Friol, en horario de 9 a 15 horas en días laborables, ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro. Se o último día de prazo fora inhábil, o prazo rematará o día hábil seguinte. Cando as solicitudes se presenten fora do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, poderán remitir por email info@concellodefriol.es comunicación da presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

Para ser admitido/a, os/as aspirantes manifestarán nas súas instancias que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas nas presentes bases, referidas sempre á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, xunto coa documentación esixida, sen prexuízo de que superado o proceso selectivo, o/a seleccionado/a deberá acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos, previamente á realización do curso na Academia Galega de Seguridade e nomeamento como funcionario en prácticas.

Finalizado o prazo máximo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, no prazo máximo de un mes, aprobará mediante resolución a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, indicando nomes e DNI. A resolución expoñerase no Taboleiro de Anuncios do Concello e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello, <https://friol.sedelectronica.gal/>, relacionándose os/as aspirantes excluídos/as con indicación da causa de exclusión. Os/as excluídos/as disporán do prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do BOP, a efectos de reclamacións contra a exclusión ou á corrección das deficiencias sinaladas. No caso de non presentarse reclamacións a lista provisional elevarase a definitiva. No caso de presentarse, procederase no prazo de sete días hábiles, á resolución das reclamacións presentadas. Resoltas as reclamacións presentadas, o Sr. Alcalde, aprobará as listas definitivas de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, designará tribunal e sinalará o lugar data e hora para a realización das probas que integran o proceso selectivo, resolución que se publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello <https://friol.sedelectronica.gal/>, cunha antelación de dez días hábiles, á data sinalada para a súa realización.

5ª.- Tribunal.- O tribunal cualificador do proceso será nomeado pola Alcaldía do Concello e estará composto por cinco persoas titulares e cinco persoas suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a, pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional en que se requira para o seu ingreso a titulación de bacharelato ou superior, a súa composición será paritaria segundo o establecido no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Corresponden ao tribunal as funcións relativas á determinación concreta do contido das probas, a cualificación dos/das aspirantes, a emisión de cantos informes lle sexan requiridos derivados da súa intervención no proceso selectivo, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas na orde correcta das probas selectivas e resolución de incidencias.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como demais normativa relativa ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección. Ademais as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal no Boletín Oficial da Provincia. Na devandita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, a actuación válida do tribunal requirirá a concorrencia de, polo menos, tres dos seus membros, con presenza, en todo caso, das persoas titulares ou suplentes da presidencia e da secretaría.

O tribunal poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terá voz pero non voto.

Das sesións celebradas polo tribunal redactarse a acta correspondente, que será asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/da presidente/a.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nas presentes bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, na demais normativa referente ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e e ao resto do ordenamento xurídico.

En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada nos termos previstos nos art. 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ante o Alcalde-Presidente.

6ª.- Desenvolvemento dos exercicios.- As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de DNI ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade. En calquera momento as

persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditaren a súa identidade. A orde de actuación, no seu caso, será por orde alfabético.

De conformidade co art. 12 do Decreto 243/2008, as persoas aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que sexa a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como o suposto que se describe a continuación:

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou posparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes en que concorra a devandita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles corresponda realizar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustifico. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só o resto das probas.

En calquera caso, darase por superado o proceso selectivo a aquelas persoas aspirantes que obtivesen una puntuación final que non puidese ser alcanzada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.

As mulleres embarazadas que prevexan, polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo abondo e o tribunal determinará, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo calquera que sexa derivada da situación de embarazo e lactación. Ante a solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, os tribunais poderán determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo abondo e o tribunal determinará, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

Durante o tempo fixado para a realización das probas selectivas, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria, quedando prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos e constitúe causa de inadmisión ao chamamento a súa simple tenza.

7ª.- Probas selectivas.-Todas as probas que a seguir se sinalan teñen carácter eliminatorio e desenvolveranse pola orde seguinte:

PRIMEIRO EXERCICIO: PROBAS DE COÑECEMENTOS.-

a) Probas de avaliación dos coñecementos das persoas aspirantes sobre os contidos do temario correspondente.- deberán amosar a súa preparación intelectual e o seu dominio dos contidos do temario. Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de cincuenta preguntas tipo test, con catro alternativas de resposta cada unha, que será proposto polo tribunal. As persoas aspirantes disporán dunha hora para a súa realización.

A proba será cualificada polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N=(A-F/3)/5$.

Sendo N= nota final da proba; A=preguntas acertadas; F=preguntas erradas ou non respondidas.

b) Proba de coñecemento da lingua galega.- estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis axeitadas. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

As persoas aspirantes que estivesen en posesión do Celga 3 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), estarán exentas da realización desta proba, dándose por superada a mesma coa calificación de apto.

Facúltase o tribunal cualificador, unha vez rematada a proba de coñecementos, para establecer por orde decrecente de puntuación a porcentaxe de aspirantes que deben desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de resultar necesario, cuxo número non será inferior en todo caso ao dobre das prazas convocadas.

SEGUNDO EXERCICIO: PROBAS DE APTITUDE FÍSICA.-**A.1. Comprobación da estatura e probas de aptitude física.**

-Comprobación da estatura.-antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura dos/as aspirantes, quedarán eliminados/ as os/as que non teñan a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

-Probas físicas.-terán a cualificación de apto ou non apto. De conformidade co establecido, pola Consellería competente en materia de seguridade, determínase o cadro médico que se aplicará na probas médicas precisas para comprobar a idoneidade das persoas aspirantes e fixarase a descrición e as normas para o desenvolvemento das probas de aptitude física, incluíndo o rango de valores en que se estima garantido o cumprimento do requisito de non discriminación por razón de sexo, establecendo diferentes marcas para cada sexo.

Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas A.1.1, A.1.4 e A.1.5, e alcanzar ou superar os mínimos das probas A.1.2 e A.1.3. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador. Nas probas de resistencia xeral e natación dispónse dunha soa posibilidade de execución, no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto.

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberá realizarse en lugares axeitados ao tipo de proba que se vaia executar. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor/a.

A.1.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.- realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chá de terreo compacto. O/a aspirante colocarse na pista no lugar sinalado, e poderá realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas esixidas (en segundos) para a superación da proba son:

Homes: 7,40´´.

Mulleres: 8,20´´.

A.1.2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

A.1.2.1. Flexións de brazos.-realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans nús, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos. A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas.

Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo exixible é de 10 flexións.

A.1.2.2. Suspensión en barra.- realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, agarrado/a coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por enriba da barra e sen ter contacto con ela.

O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.

A.1.3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.-realizarase en ximnasio ou campo de deportes, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

O/a aspirante colocarse de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas (en centímetros) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 210 cm.

Mulleres: 185 cm.

A.1.4. Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.-realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo compacto. O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé, sendo eliminado o corredor que abandone a pista durante a carreira.

As marcas máximas (en minutos e segundos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 3´,30´´.

Mulleres: 4´,10´´.

A.1.5. Proba de natación: 25 metros estilo libre.-realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes.

O/a aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída. Unha vez que se dea o sinal de saída, os/as aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) son:

Homes: 24´´.

Mulleres: 28´´.

TERCEIRO EXERCICIO: PROBAS PSICOTÉCNICAS.- están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa adecuación ás funcións que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista, sendo a súa cualificación será de apto/non apto.

- **Proba de intelixencia.**- Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

- **Proba de personalidade.**- As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento do estrés e motivación polo traballo de vixilante. Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico dos/as candidatos/as.

Deste xeito, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse ademais os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función que se vaia desempeñar.

A cualificación será de apto/non apto.

CUARTO EXERCICIO: PROBA DE RECOÑECIMENTO MÉDICO.- será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións propias do posto de traballo, sendo cualificado como apto/non apto. Para os efectos da exclusión do/a aspirante, terase en conta o seguinte:

1.- Obesidade-delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

2.- Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial, que a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións que corresponden aos vixilantes municipais.

Para os diagnósticos establecidos teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes. As exclusións garantiranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico

8ª.- Puntuación final dos aspirantes.- rematadas as probas, o tribunal outorgará a cada aspirante a puntuación final obtida, que se corresponderá coa cualificación da proba de coñecementos, referida ao temario. Esta puntuación será determinante para confeccionar a lista de aprobados/as e a lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, en que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superen o proceso selectivo, non resulten aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

De producirse empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes dirimiranse de acordo cos seguintes criterios ata que se resolva:

- 1.º) Menor tempo obtido na proba de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros lisos.
- 2.º) Menor tempo obtido na proba de velocidade, carreira de 50 metros lisos, e
- 3.º) En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

9ª.- Presentación de documentación.- a partir do día seguinte ao da publicación da adxudicación da praza, as persoas ás cales se lles adxudicasen disporán dun prazo de vinte días hábiles para a presentación ante o concello correspondente dos seguintes documentos:

- a) Copia do título esixido ou certificación académica que acredite que realizou todos os estudos para a súa obtención. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentar credencial da súa validación ou homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión.
- b) Copia dos permisos de conducir en vigor das clases A2 e B.
- c) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo de que foi separado ou inhabilitado, nin pertencer ao mesmo corpo, así como de non estar incurso/a en causas de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- d) Certificado médico oficial en que se acrediten os extremos sinalados na base 3.ª

As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación ou do exame dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos non poderán ser nomeadas persoal funcionario en prácticas e quedarán sen efecto as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

10ª.- Nomeamento como persoal funcionario en prácticas.- unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas mediante resolución da Alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado, substituirase a persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

11ª.- Curso selectivo de formación.- as persoas aspirantes aprobadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública como requisito indispensable para accederen á condición de persoal funcionario de carreira na categoría Vixilante Municipal, de acordo co disposto no artigo 92 da Lei 4/2007, do 20 de abril.

Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública. En tal caso, serán nomeadas directamente na condición de persoal funcionario de carreira.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso selectivo.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso selectivo.

12ª.- Base final.- a presente convocatoria e as súas bases, así como o disposto na normativa vixente ao respecto vinculan a Administración, ao tribunal encargado de xulgar o proceso selectivo e as persoas que nel participen.

Cantos actos administrativos sexan producidos polo tribunal, ou pola autoridade convocante poderán ser impugnados polos/as interesados/as de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

ANEXO I.-Temario da oposición

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito.
2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Os dereitos fundamentais recoñecidos na Constitución.
3. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. Defensor e Valedor do Pobo.

4. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. Goberno e Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.
5. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.
6. Organización territorial do Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.
7. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía para Galicia.
8. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.
9. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.
10. O réxime local español. Tipos de entidades locais. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
11. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación. A licenza municipal e comunicación previa. Tipos. Actividades sometidas a licenza e comunicación previa. Tramitación.
12. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.
13. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento.
14. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
15. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
16. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
17. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso. Cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
18. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
19. Os vixilantes municipais. Funcións. Responsabilidade dos vixilantes municipais.
20. Deontoloxía profesional. Obrigas dos funcionarios. O servizo público.

ANEXO II: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SELECCIÓN DE PERSOAL DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO DE VIXILANTE MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL. -

D./D.^a.....
 con DNI/NIF núm....., con domicilio a efectos de notificacións e comunicacións
 enCP.....
 localidade..... teléfono..... enderezo electrónico.....

EXPÓN:

- 1.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada para a selección de vixilante municipal do Concello de Friol, segundo as bases publicadas no BOP núm.
- 2.- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª para participar no presente proceso selectivo.
- 3.-Que coñezo e acato incondicionalmente as bases que rexen o presente proceso selectivo.
- 4.- Que coñezo e reúno os requisitos establecidos nas bases, referidos á data na que remata o prazo de presentación de instancias.
- 5.- Manifesto o compromiso, no caso de obter a praza sinalada, de xurar ou prometer lealdade ao Rei, respecto aos dereitos das persoas, estrita observancia da lei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

SOLICITA:

Ser admitido/a no proceso de selección para de vixilante municipal do Concello de Friol, segundo a convocatoria realizada ao efecto.

A tal fin achega a documentación que se cita:

- Copia cotexada do DNI
- Copia autenticada da titulación académica e do título de Galego .
- Copia autenticada dos permisos de conducir. .
- Certificado médico no que se acredite que reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización física das probas de oposición.

Friol ,..... de de 2020

O/a solicitante

Asinado: -----

Sr. Alcalde Presidente do Concello de Friol.-

ANEXO III

En relación co establecido na lexislación vixente de datos de carácter, o concello procede a informar que os datos obtidos serán incorporados a un ficheiro do que será responsable o Concello, con enderezo social en praza de España Friol. Os datos obtidos son co consentimento do/a interesado/a. O obxecto do tratamento será a xestión da relación entre o concello e o/a solicitante. O/a interesado/a gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos por lei vixente. O/a titular dos datos comprométese a comunicar por escrito en calquera momento ao concello, calquera modificación dos datos aportados

Friol, 27 de outubro de 2020.- O Alcalde.- José Ángel Santos Sánchez.

R. 2614

LUGO*Anuncio*

O Excmo. Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o 29 de outubro de 2020, acordou aprobar os seguintes expedientes:

- 1.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 103, REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS.
- 2.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 105, REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS, PREVENCIÓN DE RUÍNAS, DERRIBAS, SALVAMENTOS E OUTROS ANÁLOGOS.
- 3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 116, REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NAS ESCOLAS INFANTÍS (0-3 ANOS) MUNICIPAIS.
- 4.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 152, REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA.
- 5.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 153, REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON ENTRADAS DE VEHÍCULOS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA.
- 6.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 201, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.
- 7.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 202, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.
- 8.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 203, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Os citados acordos iniciais estarán expostos ó público durante o prazo de trinta días mediante Edicto no Taboleiro de Anuncios da Corporación, e os expedientes administrativos poderán ser examinados nas dependencias de Facenda Local (Ronda da Muralla 197, 2º andar), para que durante o mesmo prazo os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas. A dita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comezando a contar o prazo a partir do día seguinte ó da última destas dúas publicacións referidas; entendéndose como definitivos os acordos provisionais, de non se presentaren reclamacións a aqueles durante o dito período.

O presente anuncio publícase para os efectos previstos no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Lugo, 30 de outubro de 2020.- Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Paula Alvarellos Fondo. Secretario Xeral do Pleno, Rafael José del Barrio Berbel.

R. 2650

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA SETEMBRO DE 2020 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 19.10.2020 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de setembro de 2020.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 28.10.2020 ata o 28.12.2020.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 20 de outubro de 2020.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 2615

MURAS

Anuncio

DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras, e os correspondentes prezos mensuais que deberán aboar segundo a xornada solicitada e o servizo de administración de comidas no mes de Setembro de 2020.

Considerando o disposto no Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras e a súa Ordenanza reguladora do prezo público (BOP 10/04/2018).

Elaborado o padrón mensual que contén as liquidacións da taxa pola prestación do Servizo de Atención á Infancia do Concello de Muras no mes de Setembro de 2020, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do Servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Muras correspondente ao mes de Setembro de 2020. O padrón correspondente ao mes de Setembro consta de 2 contribuíntes e un importe total de 153,29 €.

SEGUNDO- Expoñer ao público o padrón aprobado, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Déase conta do presente Decreto aos servizos de Tesourería Municipal e Intervención Municipal.

SEXTO- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 22 de outubro de 2020.- Sr. Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, Dona Silvia Lamelas Soto, como Secretaria-Interventora, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo)

R. 2616

PANTÓN

Anuncio

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, DE DÚAS (2) PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS, COA CATEGORÍA PROFESIONAL DE PEÓN, PARA A REALIZACIÓN DA OBRA/SERVIZO DETERMINADO "PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES", POLO SISTEMA DE CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS, NO MARCO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020 (B.3.- PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO).

O Alcalde do Concello de Pantón, por Decreto do 23.10.2020, resolveu convocar o proceso selectivo para a contratación laboral temporal, a xornada completa, de dúas (2) persoas traballadoras desempregadas, coa categoría profesional de peón, para a realización da obra/servizo determinado "PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES", polo sistema de concurso de valoración de méritos, cunha duración ata o 30.09.2021, no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 (B.3.- Programa de Fomento do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de DEZ (10) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>), aparecen íntegramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Pantón (<https://panton.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Pantón, 17 de xuño de 2020.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 2617